

prensa@xornalgalicia.com

De: "Comunicación da Xunta de Galicia" <comunicacion@xunta.gal>
Fecha: sábado, 01 de febrero de 2020 10:09
Adjuntar: 010220FeijooCentroGallegoMontevideo.doc; 010220Feijooaudio1carnexove.MP3;
010220Feijooaudio2becas.MP3; 20200131_Pte_CentroGallegoMontevideo_1.jpg;
20200131_Pte_CentroGallegoMontevideo_2.jpg
Asunto: Nota+fotos+audios: FEIJÓO ANUNCIA A EXTENSIÓN DO CARNÉ XOVE PARA OS MOZOS
DA DIÁSPORA QUE PODERÁN BENEFICIARSE DAS SÚAS VANTAXES EN GALICIA,
ESPAÑA E EUROPA

O presidente da Xunta mantivo un encontro coa colectividade no Centro Gallego de Montevideo

FEIJÓO ANUNCIA A EXTENSIÓN DO CARNÉ XOVE PARA OS MOZOS DA DIÁSPORA QUE PODERÁN BENEFICIARSE DAS SÚAS VANTAXES EN GALICIA, ESPAÑA E EUROPA

- *Precisa que poderán acceder a esta tarxeta os mozos de 12 a 30 anos con nacionalidade española, veciñanza civil galega e que residan fóra de Europa*
- *Reedita o compromiso da Xunta de converter Galicia nunha oportunidade, a través de iniciativas como as Becas excelencia mocidade exterior, cuxa cuarta convocatoria, que sairá nas vindeiras semanas, contará con 250 prazas para continuar a formación na Comunidade no eido universitario e FP*
- *Destaca que o programa Conecta con Galicia, que en 2019 celebrou o seu 30 aniversario, fixo posible que máis de 9.000 rapaces de 20 países participasen nesta experiencia e fortalecesen os seus lazos coa Comunidade*
- *Reivindica a plena vixencia dos centros galegos e convócaos a traballar na difusión do vindeiro Ano Santo, para converter este evento nunha celebración global que reforce Galicia como porta de Europa a América e de América a Europa*